

PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA DE INVALIDEZ

CONCEPTO:

Prestación económica individual de carácter periódico que cubre continxencias de invalidez ou deficiencia e que asegura a tódalas persoas en situación de invalidez e en estado de necesidade unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non se teña cotizado ou se cotizara de xeito insuficiente para acadar o dereito a unha pensión contributiva.

PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS:

Cidadáns españois e nacionais doutros países, con residencia legal en España que cumpren os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade e menor de 65 anos.
- Residir legalmente en territorio español polo menos 5 anos dende que naceu dos cales 2 deben ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.
- Persoas nacionais da Unión Europea que totalicen o período de residencia mencionado no apartado anterior no territorio de calquera estado membro.
- Ter unha discapacidade ou enfermidade crónica en grao igual ou superior ao 65%.
- Carecer de rendas ou ingresos suficientes inferiores ao importe da pensión. *
- Que os ingresos ou rendas da unidade de convivencia non superen o límite de acumulación de recursos computado do seguinte xeito:
 - Solicitante que vive con familiares unidos por matrimonio ou parentesco de segundo grao: o límite equivale á contía, en cómputo anual, da pensión máis o resultado de multiplica-lo 70% desta polo nº de convivintes menos un.
 - Solicitante que vive con familiares de primeiro grao: o límite equivale á contía calculada anteriormente multiplicada por 2,5.

Servizos Sociais

- Non se computan como rendas ou ingresos os seguintes:
 - As asignacións económicas por fillo a cargo, teña ou non a condición de persoa con discapacidade, nas súas distintas modalidades, outorgadas polo sistema da Seguridade Social.
 - As deducións fiscais de pago directo por fillos menores a cargo.
 - Os subsidios de mobilidade e compensación de gastos de transporte previstos na LISMI.
 - Os premios ou recompensas outorgados a persoas con discapacidade en centros ocupacionais.
 - As [prestacións económicas](#) e en especie outorgadas en aplicación da [Lei 39/2006 de 14 de decembro](#) (Lei de Dependencia)
 - [A axuda económica para vítimas de violencia de xénero](#) regulada no RD 1452/2005, de 2 de decembro (compatibilidade establecida na Disp. final 1ª do [Real Decreto 570/2011, de 20 de abril](#), BOE nº 112 do 11/05/2011)

(*) Se os ingresos dos que se dispón, en cómputo anual, son inferiores á contía da pensión para 2015 (5.136,60 €) e se convive con familiares, unicamente se cumpre o requisito cando a suma das rendas ou ingresos anuais de todos os membros da súa unidade económica de convivencia, sexan inferiores ás contías que se recollen de seguido:

LÍMITE DE ACUMULACIÓN DE RECURSOS 2015:

Nº Membros	2º Grao (convivencia entre irmáns,...)	(convivencia entre cónxuxes, netos, 1º Grao (convivencia entre pais e fillos)
1	5.136,60€	
2	8.732,22€	21.830,55€
3	12.327,84€	30.819,60€
4	15.923,46€	39.808,65€



DOCUMENTACIÓN:

- [Solicitud](#)
- Fotocopia compulsada do DNI e NIF do/a solicitante e demais membros da unidade familiar
- Fotocopia compulsada do DNI e NIF, se procede, do representante legal e acreditación da representación legal.
- Libro de familia no caso de que houbera menores.
- Certificado de empadramento e residencia especificando o tempo que leva residindo.
- Certificado do número de convivintes.
- Fotocopia do certificado de minusvalía ou informes médicos compulsados.
- Xustificantes de ingresos do/a solicitante e da unidade de convivencia: nóminas, certificados das pensións, de prestacións de desemprego, fotocopia da declaración da renda ou certificación negativa, declaración xurada,
- No caso de persoas estranxeiras fotocopia do pasaporte ou tarxeta de residencia, permiso ou outro xustificante tanto da residencia actual como dos períodos alegados.

PRESTACIÓN ECONÓMICA: CONTÍA DA P.N.C. 2015

	CONTÍA €/mes	CONTÍA/€ ano (14 pagas)
ÍNTEGRA	366,90€	5.136,60€
MÍNIMA	91,73€	1.284,15€
COMPL. 3ª persoa	183,45€	2.568,30€
ÍNTEGRA + 3ª persoa	550,35€	7.704,90€
MÍNIMA + 3ª persoa	275,18€	3.852,45€
Cando existen varios/as perceptores/as da PNC na mesma unidade de convivencia sumárase á contía anual da PNC o 70% da mesma por cada perceptor/a a partires do segundo (este/esta incluído/a). A cantidade da percibir por cada un de eles/elas será a resultante de dividir a cantidade anterior polo número de beneficiarios/as		
2 beneficiarios/as	311,87€	4.366,11€
3 beneficiarios/as	293,52€	4.109,28 €

Servizos Sociais

No suposto de que as persoas beneficiarias dispoñan de rendas ou ingresos propios superiores ao 35% do importe anual fixado na pensión non contributiva, a contía anual da pensión establecida reducirase nun importe igual á cantidade na que os ingresos persoais, en cómputo anual, excedan da porcentaxe indicada.

Non obstante, a pensión individual a recoñecer a cada persoa beneficiaria será como mínimo o 25% do importe da pensión establecida na Lei de Orzamentos Xerais do Estado (1.284,15 €).

REVISIÓN:

As pensións recoñecidas poderán ser revisadas de oficio pola Xefatura Territorial ou a solicitude do interesado ou do seu representante, cando se produza variación dos requisitos que dea lugar á modificación da contía.

Documentación para a revisión: anualmente os/as pensionistas deben realizar a declaración Individual achegando a seguinte documentación:

- (1) [Impreso para declaración individual de pensionista](#). (Envíaselle ao domicilio de cada persoa beneficiaria).
- (2) Xustificantes de ingresos do ano anterior do/a pensionista e demais membros da unidade económica de convivencia, que non foran declaradas con anterioridade.
- (3) No caso de variacións no número de conviventes, acreditarán a data na que se produciu, mediante certificado do concello ou calquera outro medio probatorio.
- (4) Se esta declaración non se presenta por comparecencia persoal do/a pensionista deberá presentarse fe de vida do/a mesmo/a.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NOVAS: ao longo de todo o ano.

PRAZO PARA PRESENTAR A REVISIÓN ANUAL : antes do día 1 de abril .

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NOVAS E REVISIÓN: Concellería de Benestar e Emigración, previa cita.